



1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica de Educación (LOE), publicada o 3 de maio de 2006, no referente ó Proxecto Educativo de Centro (art. 121) indica que deberá:

“ter en conta as características do entorno social e cultural do centro, recollerá a atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o PLAN DE CONVIVENCIA e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais”.

Por primeira vez é prescriptivo un Plan de Convivencia nos centro e sinala entre as función do Consello Escolar:

“Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos”.

Nos principios da LOE, capítulo 1 artigo 1, fanse explícitos os valores nos que se fundamenta, valores que favorecen a liberdade persoal dende a responsabilidade, a cidadanía democrática, a xustiza, a solidariedade, etc.

Estes principios que a LOE propón baséanse na educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia e o desenvolvemento da igualdade.

Así mesmo, sinala como fins a educación dentro dos principios democráticos, a prevención dos conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, e a formación para a paz, o respecto ós dereitos humanos, a vida en común, a cooperación e a solidariedade.

Un dos obxectivos do noso centro é que os nenos e nenas medren e aprendan nun ambiente de sana convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída, aberta e sincera entre todos os membros da comunidade educativa. Pretendemos formar persoas autónomas e responsables, con capacidade de reflexión e decisión. Así,



consideramos fundamental conseguir no noso centro un ambiente de convivencia que facilite o traballo e no que todos e todas se sintan seguros e respetados.

Dacordo co principio do esforzo compartido que se sinala na LOE, a mellora do clima de convivencia é consecuencia dun longo traballo de información, formación, reflexión e diálogo, tanto do profesorado e alumnado, como das familias.

Este Plan de Convivencia é o primeiro e constitúe a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

Os principios nos que se asenta o Plan para a mellora da convivencia son:

A mellora da convivencia é un proxecto global que implica a todo o profesorado e necesita da participación das familias.

É preciso educar para a convivencia: o currículo e as prácticas escolares deben fomentar o aprendizaxe de valores, actitudes, conductas, etc. Que faciliten unha convivencia pacífica.

O modelo de resolución de conflitos debe ter unha dimensión formativa, non só correctiva, aínda que sexa necesario fixar protocolos de actuación ante problemas graves.

Partindo da idea de que un bo plan de convivencia debe deseñarse sobre obxectivos preventivos, as liñas de actuación son dúas:

- 1. O **traballo preventivo**, promovendo cambios actitudinais; onde a corresponsabilidade e colaboración de toda a comunidade educativa é prioritaria.*
- 2. A **intervención** ante situacións puntuais onde o comportamento do alumnado supón un desaxuste respecto ás normas de convivencia do centro.*



2. MARCO LEGAL

- *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.*
- *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa y profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG, 31/07/98). Páx. 340.*
- *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.*
- *Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz (BOE número 287, do 1 de decembro de 2005).*
- *Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.*

3. OBXECTIVOS DE CARA Á IMPLICACIÓN DE TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- *Desenvolver competencias persoais e sociais no alumnado que permitan aprender a establecer unhas relacións cos demais e un desenvolvemento integral como persoa.*
- *Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, idade, crenza ou relixión.*



- *Fomentar hábitos e valores positivos: escoita activa, respecto, colaboración, axuda, etc.*
- *Mellorar as relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa, implicándoos en todas as actividades encamiñadas a facilitar a convivencia no centro.*
- *Previr a aparición de conflitos dentro e entre os distintos sectores da Comunidade Educativa.*
- *Priorizar a resolución de conflitos de maneira formativa mediante a negociación conxunta do profesorado e do alumnado.*
- *Desenvolver unha axeitada coordinación entre o equipo docente para que se poida dar unha boa convivencia no centro, establecendo unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo.*
- *Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa habilidades sociais de comunicación e resolución de conflitos.*

4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E A CONSECUCIÓN DUN CLIMA ADECUADO NO CENTRO

O CEIP de Baamonde conta con 4 unidades. O alumnado está agrupado por ciclos, aumentando a heteroxeneidade que é consustancial ó ser humano, o que incrementa as dificultades no proceso de ensinanza e aprendizaxe e a complexidade das relacións que se establecen na aula, o que repercute no clima de convivencia.

O centro está adscrito ó Departamento de Orientación do CEIP Otero Pedrayo en Rábade polo que periodicamente o Xefe do Departamento é a mestra de Pedagogía Terapéutica teñen reunións para coordinar as medidas para atender á diversidade, o plan de acción titorial, etc.



Tendo en conta que parte das alteracións do clima de convivencia atopan a súa orixe nas dificultades que o alumnado atopa no proceso de Ensinanza/Aprendizaxe, dende o centro tomaranse unha serie de medidas académicas, en función das necesidades concretas de cada curso académico e que se recollerán na PXA; entre estas medidas pode optarse por:

- 1. Desdobres*
- 2. Reforzos dentro da aula do profesorado de área ou, se é preciso, do profesorado de apoio.*
- 3. Apoio e seguimento das Adaptación Curriculares Individualizadas.*
- 4. Atención especializada e individualizada a alumnado cunhas necesidades moi específicas de apoio educativo.*

Na actualidade no centro o clima de convivencia en canto á disciplina é bo. Aínda que non aparecen problemas moi graves, aparecen conflitos entre o alumnado que se resolven, fundamentalmente, a través do diálogo e alguna medida disciplinaria menor. En poucos casos é preciso tomar medidas máis severas.

5

Os principais problemas entre o alumnado son os seguintes:

- Conductas que provocan interrupcións no normal desenvolvemento das clases.*
- Insultos ou leves agresións ou ameazas.*

Estas faltas de disciplina non son constantes, máis ben puntuais.

AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

Os cambios son reais cando o colectivo docente toma conciencia e sinte a necesidade de cambiar de modo que inicia un proceso de reflexión que posibilita o cambio.

Iniciar o proceso de mellora da convivencia require unha análise profunda e crítica da totalidade da realidade escolar.



Durante o curso escolar 2007-2008 elaborárase un cuestionario (Ver ANEXO 11) para cada un dos sectores da comunidade educativa (profesorado, alumnado, persoal non docente e familias) para recoller información ó longo do 3º trimestre, de modo que no terceiro 3º trimestre se leve a cabo unha análise da situación inicial da convivencia tendo en conta a percepción de todos os integrantes da comunidade educativa.

Unha vez analizadas os diferentes aspectos relacionados coa convivencia, é necesario adicar un tempo importante para a reflexión conxunta, a búsqueda dunha linguaxe común consensuada e a posta en común das necesidades, crenzas e expectativas persoais.

O resultado deste proceso levará a priorizar unha serie de aspectos da vida do centro, que orientarán a planificación das accións dos Plans de Mellora da Convivencia anuais.

Tamén se terán en conta os datos extraídos dos documentos e informes do centro (cadernos de titorías, rexistro de alumnado que realiza tarefas na biblioteca durante o tempo de lecer, etc.) nos que se rexistran as condutas contrarias ás normas de convivencia.

Outro instrumento empregado para a avaliación inicial é o rexistro de nenos e nenas sancionados durante o tempo de lecer ó longo do curso 2007-2008.

Os resultados revelan que a maior parte das condutas contrarias ás normas de convivencia son os comportamentos molestos que impiden seguir o ritmo normal da clase. Atópanse, aínda que en menor medida, agresións físicas ou verbais entre compañeiros/as. As condutas rexistradas pero de forma case anecdótica son o desafío ás figuras de autoridade, pequenos roubos, faltas de respecto ó profesorado, incumprimento de sancións impostas e a falsificación de documentos que buscan establecer unha comunicación familia-centro.



Da análise dos datos tamén se pode extraer que alumnado que presenta estas condutas é o dos primeiros ciclos. Estas condutas redúcense no 3º ciclo a incidentes puntuais.

ELABORACIÓN DAS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Durante o presente curso escolar elaborárase o Regulamento de Réxime Interior do Centro no que aparecerán recollidas as normas de convivencia.

Neste documento aparecerán:

- *Dereitos e deberes do alumnado.*
- *Normas de convivencia do centro.*
- *Conductas tipificadas como graves ou moi graves.*
- *Procedemento para a tramitación dun expediente disciplinario.*

Estas normas serán explicadas a principio de curso ós diferentes sectores da comunidade educativa.

Os titores e titoras son as persoas responsables de explicar ó alumnado as normas do centro, do comedor (Anexo 15) e do patio (Anexo 12) ó seu grupo de alumnos e alumnas.

ELABORACIÓN CONSENSUADA DAS NORMAS DE CONVIVENCIA DA AULA POR GRUPO-CLASE



Cada titor/a elaborará de forma democrática a través da negociación e do diálogo as normas da aula, coa participación de tódolos alumnos/as en función da súa madurez evolutiva, xa que as normas cumpriranse mellor se se consideran xustas.

Estas normas non poderán ser, en ningún caso contradictorias coas do centro. Serán poucas, claras e redactadas de forma positiva.

Consensuarase co alumnado as consecuencias de non respectar estas normas de aula. As consecuencias serán inmediatas e proporcionais á infracción cometida.

OBXECTIVOS

- *Educar para o exercicio da cidadanía responsable.*
- *Consensuar as normas da aula para que o alumnado as valore e acepte como propias.*
- *Potenciar o cumprimento das normas de convivencia.*
- *Favorecer o coñecemento das normas que regulan a convivencia no centro e nas aulas.*
- *Implicar a toda a comunidade na elaboración das normas de convivencia.*
- *Razoar a necesidade dunhas normas mínimas de convivencia e respecto para conseguir un clima axeitado de ensinanza e aprendizaxe.*

FOMENTAR O BO TRATO E A CREACIÓN DE GRUPO

Cada titor/a realizará ó longo do curso co seu grupo de alumnos e alumnas dinámicas grupais que favorezan o coñecemento mútuo para fomentar o desenvolvemento da empatía e o sentimento de pertenza ó grupo, potenciando o comportamento asertivo e loitando contra a discriminación.



CREACIÓN DUN SISTEMA DE RECOMPENSAS E VALORACIÓN DO ALUMNADO QUE CUMPRA AS NORMAS DE CONVIVENCIA

O obxectivo que se persegue é fomentar o cumprimento das normas de convivencia do centro sen facer uso de castigos e sancións, senón do reforzo social. Deste xeito tamén se propociona a valoración e o recoñecemento necesario ó alumnado que sempre o case sempre cumpre as normas.

O sistema de recompensas será determinado cada curso escolar polo Claustro.

CELEBRACIÓNS DO DÍA DA PAZ E DO DÍA DOS DEREITOS HUMANOS.

En coordinación co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

AVALIACIÓN DOS ASPECTOS AFECTIVO-EMOCIONAIS NOS BOLETÍNS DE AVALIACIÓN.

A finalidade é a información e a coordinación coas familias para traballar conxuntamente na creación nun clima de convivencia axeitado no centro.

Pretendemos, ademais, valorar o cumprimento das normas de convivencia, reforzando socialmente que se respecten as normas.

Para potenciar a valoración equitativa da dimensión afectivo-emocional nos boletíns de avaliación fronte ós aspectos máis académicos, as nais e pais serán informados nas reunións do profesorado coas familias da importancia destes aspectos na creación dun



bo clima de convivencia que redunde na mellora do rendemento académico dos seus fillos e fillas. Estas capacidades aparecen recollidas no ANEXO 13.

ORGANIZACIÓN DO PATIO POR ZONAS DE XOGOS

OBXECTIVOS:

- *Favorecer o coñecemento e a práctica de xogos diversos.*
- *Poner en práctica aspectos básicos dos xogos: regras, a colaboración e a competición, ...*
- *Exercitar actitudes básicas no xogo: aceptación da derrota, responsabilidade no uso dos materiais e dos espazos, ...*

O patio escolar é o espazo no que máis se incrementan os conflitos entre o alumnado, que en moitas ocasións se intensificaban por non facer uso de habilidades sociais básicas como pedir “por favor”, desculparse, etc. ou se intentaban solucionar usando a agresión física ou a verbal, a través de insultos ou ameazas.

Como consecuencia, adicábase moito tempo das clases a tratar eses conflitos do patio.

Outros aspectos que se observan é o gran espazo que se ocupa para o fútbol e o alumnado participa pouco noutras actividades.

O obxectivo de organizar zonas de xogo no patio é ofrecer ó alumnado alternativas para o seu tempo de ocio e optar por unha organización que favoreza a participación dos propios nenos/as na xestión do patio de forma que se potencie a autonomía, a responsabilidade, etc. Cada día haberá dous alumnos/as encargados de xestionar o material da ludoteca, repatindo o material e levando un rexistro do seu uso. Mensualmente, no taboleiro do centro expoñerase un cadro no que aparecen os nomes dos alumnos e alumnas que cada día teñen que ocuparse da xestión da ludoteca.



Buscouse implicar ó alumnado na organización destas zonas do patio a través dunha enquisa na que podían formular propostas sobre xogos, tanto de interior coma de exterior.

Cóntase tamén coa biblioteca do centro como espazo lúdico para os xogos de mesa (axedrez, damas, parchís, etc.).O profesorado de garda na biblioteca axudará ós alumnos e alumnas na xestión do material.

Ademáis créase o FALADOIRO, un espazo para que o alumnado chegue a acordos e solucionen as súas diferenzas sen a intervención dunha terceira persoa. Neste espazo hai dúas cadeiras e unha mesa entre elas. Enriba de cada cadeira hai un símbolo: unha boca e unha orella, sinalando cal é a cadeira na que se pode falar e cal é a cadeira na que se debe escoitar de forma activa a visión e os intereses do outro nun conflito. No Anexo 6 figura a sistemática de funcionamento deste espazo.

CADERNOS DE INCIDENCIAS POR TITORÍAS.

Cada titoría disporá dun caderno no que se recollan os aspectos relacionado co clima de convivencia da aula.

OBXECTIVOS:

- *Facilitar a coordinación entre os diferentes profesores e profesoras que imparten docencia ó grupo.*
- *Rexistro das conductas contrarias ás normas de convivencia.*
- *Control da realización de tarefas dentro da aula e para a casa.*



- *Facilitar a coordinación co profesorado de garda na biblioteca, cando un alumno ou alumna é enviado á biblioteca pola súa conducta ou para facer ou rematar as tarefas escolares.*

PROCEDEMENTO:

O caderno de titorías acompañará ó grupo-clase nas diferentes instalacións do centro nas que se desenvolvan as actividades académicas para que tódolos profesionais que impartan docencia, poidan deixar recollida a información que consideren oportuna.

Neste caderno incluírase unha relación das conductas contrarias ás normas de convivencia e un código para cada unha, que facilite o rexistro do tipo de conducta disruptiva que mantén un alumno ou alumna.

FORMAR MEDIADORES ENTRE O ALUMNADO

A medio prazo o alumnado formarase como mediador ante os conflitos que aparecen de forma cotiá no centro. O Departamento de Orientación, en colaboración con organizacións externas, encargarse da xestión desta formación e do posterior funcionamento deste servizo.

O primeiro será iniciar un proceso de formación do alumnado que se presente voluntariamente para exercer como mediadores no centro. Os criterios de selección de mediadores son:

- *Voluntariedade: a participación debe ser voluntaria, nunca obrigatoria.*
- *Capacidade de escoita e de comunicación.*
- *Capacidade de empatía: de conectar ben cos sentimentos e emocións dos demais.*



- *Capacidade de respectar, sen agobiarse, os estados emocionais alterados dos demais.*
- *Capacidade de resistencia e valentía: debe ser capaz de resistir a situacións de alta intensidade psicolóxica e de gran carga emocional.*
- *Prudencia e discreción, que permita a confidencialidade da información que os implicados proporcionan.*
- *Capacidade de manter a imparcialidade, resistindo ás posibles estratexias de seducción e evitando tomar partido por unha das partes implicadas.*
- *Boa integración no grupo.*
- *Dispoñibilidade de tempo para a formación.*

Para desenvolver as habilidades de comprensión do que é un conflito, identificar os seus elementos e desenvolver estratexias para a súa resolución de forma positiva poden utilizarse 3 instrumentos:

- 1. A práctica en casos reais, nun primeiro momento baixo a supervisión da persoa encargada da mediación no centro.*
- 2. Os estudos de casos (Ver ANEXO 7), tanto ficticios como redactados a partir de casos reais ocorridos no centro. Os estudos de casos consisten en describir unha situación problemática de forma sinxela para posibilitar a análise a partir de varias preguntas e actividades. Os alumnos e alumnas deben aportar diferentes alternativas de resolución en función das súas experiencias, coñecementos, etc. En primeiro lugar os alumnos/as deben responder ás cuestións que se lles presentan e despois poñeranse en común as ideas de cada un para chegar a un consenso sobre a estrutura do conflito e as propostas de resolución.*
- 3. Os xogos de roles. Esta técnica permite vivir unha situación experiencialmente, de forma que posibilita a propia vivencia do conflito e desenvolve a empatía.*



Consiste na representación dunha situación real ou imaxinaria na que cada un dos participantes ten que desempeñar o papel que lle toca. Non haberá un guiión preestablecido, senón que será unha representación libre e espontánea a partir dunhas pautas que se lle proporcionan sobre o rol que lles toca representar.

Ó finalizar a representación dos roles e da situación conflictiva, en grupo reflexionarán sobre os sentimentos que experimentaron no seu papel e se lles serviu para comprender mellor o rol que representaron.

A partir disto, crearase un pequeno manual de entramento que conste de actividades, casos, explicación de conceptos relacionados coa mediación, un guiión para a sesión de mediación, etc.

*Unha vez finalizado o proceso de formación o alumnado pasará a formar parte, durante ese curso escolar, do **SERVIZO DE MEDIACIÓN DO CENTRO**, que estará dirixido e coordinado polo Departamento de Orientación do Centro.*

Unha vez creado o equipo de mediadores, será necesario realizar un campaña informativa para que o alumnado coñeza a súa existencia e a posibilidade de solicitar a súa intervención.

FOMENTAR A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E CREAR NOVAS CAUCES DE COMUNICACIÓN FAMILIA-CENTRO

Nas últimas décadas, a escola foi asumindo moitas competencias educativas que tradicionalmente estiveron reservadas ás familias.

Na escola non só se ensinan contidos, senón que se educa en valores, ensínase a ser e a convivir. Fóra da escola tamén aprenden contidos e se educan como persoas.



O feito de que familia e escola compartan unha parte importante dos obxectivos educativos fai importante e desexable a colaboración.

É preciso crear canles e mecanismos de intercambio entre as dúas institucións, familia e escola que permitan:

- *Identificar normas e valores comúns que permitan actuar de modo coherente.*
- *Dar a coñecer os obxectivos do centro e as prioridades.*
- *Acordar procedementos para lograr a formación integral dos alumnos e alumnas.*
- *Identificar responsabilidade concretas que a familia ten que asumir no seguemento escolar dos seus fillos e fillas.*

Para poder facilitar o intercambio de información poñeranse en marcha as seguintes accións:

- ⊙ *Comunicación a través de circulares informativas.*
- ⊙ *Horario de titorías semanais para atender ás familias de forma individual.*
- ⊙ *Flexibilización das horas de titoría para as familias ás que lles resulte imposible asistir á hora e día fixados.*
- ⊙ *Colaboración coas familias a través da ANPA nas actividades realizadas polo centro: festival de Nadal, o Magosto, etc.*
- ⊙ *Reunións trimestrais de familia e profesorado para informar sobre aspectos organizativos (horarios, normas, etc.) e académicos (boletíns de avaliación), así como doutros aspectos puntuais como pode ser a celebración das diferentes festividades no centro.*



PROGRAMAS PARA A MELLORA DA INTELIXENCIA
EMOCIONAL, PARA A SOLUCIÓN DE CONFLITOS E
PARA O DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES
SOCIAIS a través do Plan de Acción Titorial (PAT)

XUSTIFICACIÓN

A LODE, A LOGSE e as leis que a foron complementando, así como a actual LOE establecen uns fins da educación, que consideramos fundamentais pero que ás veces esquecemos:

- *O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.*
- *A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio do diálogo e a tolerancia dentro dos principios democráticos de convivencia.*
- *A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.*
- *Etc.*

Sen embargo estes aspectos emocionais foi quedando relegado, xa que a formación máis académica vai ocupando a maior parte dos espazos e dos tempo. Resaltamos en exceso os saberes académicos en detrimento do coñecemento afectivo-emocional e das relación interpersoais.

Cada vez máis, recoñécese que non hay educación integral senón se “alfabetiza” nas emocións, nos afectos e nos sentimentos.

*A **alfabetización emocional** fai referencia a unha serie de programas concretos que pretenden facilitar o desenvolvemento da intelixencia emocional e das habilidades para relacionarse cos demais e consigo mesmo.*



A partir da LOGSE e sobre todo na actual LOE, revalorízase a figura do titor e titora que xurdiu coa Lei Xeral de 1970. Entre as función da titoría atópanse os seguintes aspectos:

A orientación persoal do alumnado

O establecemento dun clima emocional positivo, ofrecendo apoio persoal e social para incrementar a súa autoconfianza.

Na Educación Primaria non hai sesións específicas de titoría dentro do horario lectivo, senón que é unha acción transversal, que se desenvolve a través das diferentes áreas.

Dentro da acción titorial diferencianse catro bloques: “aprender a ser”, “aprender a convivir”, “aprender a pensar” e “aprender a tomar decisións”.

Os dous primeiros bloques especialmente correspóndense coa alfabetización emocional, polo que o desenvolvemento deste programa é responsabilidade dos titores e titoras.

O Departamento de Orientación proporcionará materiais e asesorará no desenvolvemento dos programas. As actividades propoñeranse por ciclos.

OBXECTIVOS

- ⊙ *Previr a aparición de problemas de convivencia.*
- ⊙ *Recoñecer e valorar os sentimentos nun mesmo e nos demais.*
- ⊙ *Aprender a expresar os sentimentos de forma axeitada e aumentar o autocontrol emocional.*
- ⊙ *Mellorar o autoconcepto e a autoestima, especialmente no caso do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.*
- ⊙ *Mellorar as relacións interpersoais.*



- ⊙ *Coñecer os efectos do propio comportamento nos demais.*
- ⊙ *Desenvolver habilidades e proporcionar estratexias para solucionar os conflitos*
- ⊙ *Habituar ó alumnado a ser máis reflexivo e actuar con menor impulsividade.*

COMPETENCIAS

O programa contribúe a desenvolver a competencia emocional do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, capacidades, habilidades e actitudes necesarias para comprender, expresar e regular os fenómenos emocionais. Inclúe o desenvolvemento da:

- *Conciencia emocional (tomar conciencia das propias emocións e das alleas).*
- *Regulación emocional (capacidade para manexar axeitadamente as emocións).*
- *Autonomía persoal.*
- *Intelixencia interpersoal (capacidade para manter boas relación con outras persoas).*
- *Habilidades de vida e benestar (capacidade para adoptar comportamentos apropiados e responsables de solución de problemas).*

CONTIDOS

- *As emocións, os afectos e os sentimentos.*
- *A empatía*
- *As habilidades comunicativas*
- *O autocontrol emocional*
- *A asertividade*



- *A negociación*
- *As habilidades sociais*
- *O conflito.*

ACCIÓNES PRIORITARIAS

- ❖ *As accións orientadas á prevención.*
- ❖ *Facer expresa a importancia da educación emocional no Proxecto Educativo para poder incorporala ás Programacións de Aula.*
- ❖ *Establecer normas e límites claros e consensuar as normas para que se asuman como propias.*
- ❖ *Creación de vínculos coas familias que permitan aumentar a coherencia das accións do colexio e do fogar, potenciando a súa eficacia.*
- ❖ *Fomentar a autoconfianza e o desenvolvemento dunha autoestima axustada e positiva.*
- ❖ *Fomentar a capacidade de compartir e comunicar ideas e sentimentos, traballando a comunicación e o diálogo de cara a unha resolución pacífica dos conflitos*
- ❖ *Realizar actividades que incidan no positivo e non no negativo.*
- ❖ *Proporcionar experiencias nas que se deba asumir unha responsabilidade e un compromiso.*
- ❖ *Relacionar as actividades con experiencias próximas e coa realidade do alumnado para conferirlle unha maior significatividade.*



TEMPORALIZACIÓN

En cada titoría, polo menos unha vez ó mes, e sempre que se considere oportuno, traballaranse habilidades relacionadas coa mellora da convivencia: autoestima, habilidades sociais, solución de situacións conflitivas, empatía, intelixencia emocional, etc.

METODOLOXÍA

Priorizaranse os principios de significatividade, funcionalidade, participación e socialización.

Partirase dos coñecementos previos, intereses e necesidades do alumnado para facilitar a súa comprensión e significatividade.

Favorecerase a comunicación e a interacción do alumnado. Priorizarase unha metodoloxía participativa evitando competicións e sempre sobre a base dunha axeitado intercambio de información e establecendo momentos de reflexión e valoración conxunta.

As técnicas de dramatización, remuíño de ideas, debate de dilemas morais, etc. son estratexias metodolóxicas fundamentais.

ACTIVIDADES TIPO

Realizaranse actividades orientadas a acadar habilidades sociais e de resolución de conflitos a través da análise dos diferentes tipos de relación interpersoais e dos diversos procesos de comunicación.

O principal é que o alumnado desenvolva unha aceptación de si mesmo e dos demais, polo que se realizarán actividades que axuden ós alumnos e alumnas a coñecerse mellor, recoñecer os seus puntos fortes e febles, etc.



Tamén se desenvolverán actividades que axuden ó coñecemento das propias emocións e cómo nos afectan. Pero primeiro será necesario que se poñan en marcha actividades para aprender a identificar e etiquetar as propias emocións, desenvolver un vocabulario emocional, etc.

As relacións sociais baséanse en saber interpretar as sinais que os demais emiten para recoñecer o que sinten, polo que é clave desenvolver actividades que axuden a recoñecer o que sinten os demais a través da súa cara, dun xesto, dunha contestación,... porque recoñecer as emocións alleas é o primeiro paso para entendelas e identificarse con elas.

Para desenvolver a capacidade de autorregularse ou capacidade para dirixir e manexar as emocións dunha forma eficaz é necesario realizar actividades de investigación sobre as situacións que desencadean as emocións.

Unha vez identificadas estas situacións haberá que realizar actividades de expresión de sentimentos de forma axeitada sen caer en respostas incontroladas ante a ira, a provocación ou o medo.

RECURSOS

MATERIAIS:

Programa PIECE de intelixencia emocional para a convivencia escolar,

Programa de solución de conflitos interpersonales de Vallés Arándiga,

Programa para el desarrollo de la inteligencia emocional de Vallés Arándiga.



PERSONAIS

Titoras e titores de cada grupo.

Profesora de Pedagogía Terapéutica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Levarase a cabo en todo momento unha avaliación global, continua e formativa que permita comprobar a efectividade do programa. Utilizarase a observación directa e sistemática.

Os criterios de avaliación están enfocados a comprobar:

- *Grao de aproveitamento dos recursos, espazos e tempos.*
- *Grao de implicación do alumnado.*
- *Grao de dificultade á hora de aplicar o programa e posibles causas do mesmo.*

22

5. FUNCIONES, DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR.

Aparecen recollidos no Regulamento de Réxime Interior do Centro no apartado

_____.

5. 1 DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Tómase como referente o Real Decreto 732/1995, de 5 maio, (BOE 131/95, de 2 de xuño de 1995) polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros.

Dereitos

1. *Os alumnos e alumnas teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.*

2. *Todos os alumnos e alumnas teñen dereito ás mesmas oportunidades e a non ser discriminados por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*
3. *Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.*
4. *Os alumnos e alumnas teñen dereito a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas convicións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou convicións.*
5. *Os alumnos e alumnas teñen dereito a recibir a formación relixiosa ou moral dacordo coas súas crenzas ou convicións e coa elección dos seus pais ou tutores, por ser menores de idade, sen que desta elección se derive discriminación alguna.*
6. *Todos os alumnos e alumnas teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.*
7. *Os alumnos e alumnas teñen dereito á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa.*

Deberes

1. *Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudo.*
2. *Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.*
3. *Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.*
4. *Respectar o dereito ó estudo dos seus compañeiros e compañeiras.*
5. *Respectar a liberdade de conciencia e as convicións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.*

6. *Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.*
7. *Coidar e empregar correctamente os bens e instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.*
8. *Participar na vida e funcionamento do centro.*

5.2 DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Tómase como referente o capítulo V da Orde do 22 de Xullo de organización e funcionamento do Colexios de Educación Infantil e Primaria, e o establecido no artigo 91 da LOE.

Dereitos

1. *Dereito a exercer o seu traballo nas debidas condicións de hixiene e seguridade.*
2. *Dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal e profesional.*
3. *Dereito a liberdade de ensino e á aplicación de metodoloxía propia, acatando a lexislación vixente e a documentación do centro.*
4. *Dereito a aplicar medidas disciplinarias, cos límites establecidos no documento que recolle as normas de organización e funcionamento do centro e na lexislación vixente.*
5. *Dereito a participar en todas as actividades académicas e culturais.*

Deberes

1. *Respectar a persoa e a dignidade do alumno ou da alumna.*
2. *Desenvolver as facultades do alumnado tendentes ó logro dunha educación integral, respectando a personalidade do mesmo/a.*
3. *Impartir as ensinanzas recollidas no Proxecto Educativo.*
4. *Cumprir os acordos dos órganos colexiados do centro.*

5. *Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalacións do centro.*
6. *Participar activamente na tarefa educativa e no mantemento da orde no centro.*
7. *Manter contactos periódicos e sistemáticos coas nais, pais ou titores do alumnado, así como convocalos cando as circunstancias o requiran.*
8. *Coñecer as características persoais e ambientais do alumnado, respectalas e axear a elas a tarefa educativa, establecendo medidas compensatorias que garantan a real e efectiva igualdade de oportunidades.*
9. *Avaliar ó alumnado con plena obxectividade e carácter formativo, informando ás familias dos criterios xerais de avaliación e promoción.*
10. *Planificar dacordo coas características do alumnado actividades e estudo e traballo equilibradas.*
11. *Proponer actividades de apoio para o alumnado que, ó seu xuízo, o precise.*
12. *Respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades lectivas.*
13. *O cumprimento das actividades de titoría, vixilancia do tempo de lecer e demais funcións encomendadas coa mesma dilixencia que as actividades propiamente docentes.*
14. *Manter unha actitude responsable e activa no cumprimento das normas de convivencia.*
15. *Controlar as faltas de asistencia e, no seu caso, tomar as iniciativas oportunas.*

5. 3 DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS DO ALUMNADO

Tense en conta o establecido no Título VI do Decreto 374/1996 e o punto 3 do capítulo VII da Orde de 22 de Xullo de organización e funcionamento dos centros de educación Infantil e Primaria.

Dereitos

1. *Dereito a participar na xestión do centro, conforme á lexislación vixente.*

2. Dereito a ser informados do proceso educativo dos seus fillos e fillas. Estableceranse reunións ordinarias de nais e pais coa titoría, en data a fixar cada curso. O equipo directivo elaborará un guión dos temas fundamentais a tratar en cada reunión.
3. Dereito a coñecer o Proxecto Educativo do centro.
4. Dereito a asociarse, elixindo libremente ós seus representantes.
5. Dereito a colaborar co profesorado e coa AMPA para o mellor desenvolvemento das actividades do centro.

Deberes

1. Informar ó profesorado, singularmente ó/á titor/a das circunstancias situación ou características que poidan influir no desenvolvemento do seu fillo ou filla ou do grupo.
2. Asistir ás entrevistas individuais e reunión colectivas programadas polo profesorado por asuntos relacionados co proceso educativo dos seus fillos e fillas.
3. Xustificar ás ausencias do seu fillo/a ó titor ou titora.
4. Facilitar ós seus fillos e fillas os medios precisos para levar a cabo as actividades que lle indique o profesorado.
5. Respetar e cumprir os horarios establecidos polo centro.
6. Aceptar os acordos tomados polos órganos colexiados do centro.
7. Enviar ós seus fillos e fillas ó centro nas debidas condicións físicas e psíquicas que lles permitan a realización da tarefa docente.
8. Vixiar o aseo persoal dos seus fillos/as, en beneficio propio e da clase.

5. 4 DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL NON DOCENTE

COCIÑEIRA, LIMPADORA E AUXILIAR TÉCNICO- EDUCATIVO (COIDADORA)

Dereitos

1. Dereito a ser respectado/a polos demais membros da comunidade educativa.

2. Dereito a ser informados das comunicacións oficiais que lles afectan, así como ser consultados sobre calquera cambio que lles afecte na vida do centro.
3. Dereito a participar na vida do centro, desde a representatividade que lles outorga a lexislación vixente.

Deberes

1. Manter a limpeza e conservación das instalacións.
2. Informar ó equipo directivo de calquera irregularidade que observe nas instalacións.
3. Calquera outra función ocasional ou permanente que lle encargue a dirección no ámbito das súas funcións.

6. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO Ó ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUCTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR.

O procedemento aparecerá recollido no Regulamento de Réxime Interior en función da gravidade da conduta.

Serán condutas contrarias as normas de convivencia as que aparecen recollidas no Regulamento de Réxime Interior e no ANEXO 1.

O protocolo de actuación ante as condutas tipificadas en dito Anexo será o seguinte que aparece recollido no esquema do ANEXO 14:

1. **Sanción correspondente** en función da gravidade da falta **EN FUNCIÓN DO RECOLLIDO NO RRI APARTADO -----**:
 - a. Amonestación oral
 - b. Amonestación oral en privado
 - c. Amonestación por escrito no caderno de incidencias.
 - d. Privación do tempo de lecer de mañá ou de tarde. Neste caso o alumno ou alumna deberá:
 - acudir á biblioteca do centro co profesor de garda correspondente

▪ *levar consigo o caderno de incidencias da súa titoría onde se recollen as tarefas que debe realizar e a situación que levou a dita sanción. Estas tarefas deberán ter un carácter educativo e variarán en función da gravidade da falta cometida. Nos casos de maior gravidade cubrirase unha folla de reflexión como a que figura no ANEXO 8 no caso do alumnado do 3º ciclo ou facer unha representación gráfica e unha breve reflexión (ANEXO 9). Cando a falta reviste unha menor gravidade o alumnado deberá realizar unha breve actividade na que se reflexione sobre diferentes aspectos relacionados coas normas e a convivencia. Algúns exemplos figuran no ANEXO 10.*

En dirección quedará depositada unha copia destas tarefas de reflexión realizadas polo alumnado.

*Levarase un **Rexistro de incidencias** do alumnado que asiste á **biblioteca**, no que constará o motivo do castigo, as tarefas que hai que realizar e a hora de entrada e saída do alumno ou alumna. O responsable de cubrir os datos no rexistro é o profesorado que ten garda na biblioteca no tempo de lecer da mañá ou a hora de titoría no caso do tempo de lecer da tarde.*

Mensualmente elaborárase un resumo cos datos sobre alumnado que asiste á biblioteca e que se entregará ós titores e titoras.

e. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade escolar, tales como limpeza do seu mobiliario e espazo de traballo ou de espazos comúns.

f. Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro por un prazo máximo dun mes.

g. Realización do traballo da aula de forma individualizada fóra do seu grupo de referencia: esta medida constitúe un **recurso excepcional** tan só xustificable en beneficio do clima de traballo do alumnado do grupo ou no caso de que cometa unha falta moi grave ou reiterada.

Esta situación quedará recollida por escrito no caderno de incidencias.

O alumno/a será enviado ó espazo do centro no que se realicen as gardas e será vixiado polo profesorado que teña a garda correspondente.

O alumno/a expulsado irá acompañado do caderno de titorías e do material necesario para a realización das tarefas que se consideren pertinentes.

2. **Comunicación á familia** no caso dunha **falta grave ou reiterada**. O pai, nai ou titor/a legal deberá remitir ó centro a información firmada para facer constar que foi informado/a.

Perséguese a implicación dos pais e das nais na corrección das conductas.

3. **Sesión de mediación** para intentar a reflexión sobre o sucedido e conseguir a eliminación das conductas negativas.

As medidas sancionadoras poden modificarse ou paralizarse en caso de que a participación no proceso de mediación teña unha valoración positiva por parte da persoa encargada da mediación.

Para tomar a decisión terase en conta:

- A gravidade.
- Se é un feito puntual e illado.
- Os antecedentes e os consecuentes da conduta.

RESPONSABLES DE TOMAR AS MEDIDAS

- **DURANTE AS ACTIVIDADES ACADÉMICAS:**

O profesorado que se atope co grupo no que se manifesta o problema de conduta será o responsable de tomar as medidas correctoras que considere máis axeitadas.

Deixará o rexistro dos feitos ocorridos no caderno de incidencias por titorías para informar ó titor ou titora e, nos casos de maior gravidade, ó director.

- **NO PATIO:**

- *DURANTE O TEMPO DE LECER DA MAÑÁ: O profesorado de garda será o responsable de tomar as medidas correctoras oportunas.*

- *DURANTE O TEMPO DE LECER DA TARDE: Os cuidadores e cuidadoras do patio cando detecten unha situación problemática acompañarán ó alumno/a xunto ó profesorado de garda que será o encargado de tomar as medidas correctoras oportunas.*

Nos CASOS GRAVES o responsable de tomar as medidas sancionadoras será a Comisión de Convivencia constituída no seo do Consello Escolar.

Cando o alumnado presente graves ou persistentes problemas de conduta elaboraranse e aplicaranse programas específicos en colaboración co Departamento de Orientación, coa familia e cos servicios que se consideren pertinentes.

7. CRITERIOS DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE POSIBLE ACOSO ESCOLAR

É necesario diferenciar o acoso escolar doutras manifestacións violentas.

As situacións de acoso escolar veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- *Intención de facer dano, sen importarle causar dano u sufrimento.*

- *Conductas agresivas reiteradas, habituais e persistentes no tempo.*
- *Desequilibrio de forzas entre a persoa/s acosadoras e a vítima (relación dominio/sumisión).*
- *Ausencia de provocación da persoa agredida.*

O maltrato pode ser físico, verbal ou relacional (exclusión da vítima). Pode darse a través de acción directas (patadas, empurróns, insultos, burlas, etc.) e non directas (roubos, pintadas, falar mal ás costas, etc.)

No caso de que calquera dos membros da comunidade educativa coñeza a existencia de indicios razoables dunha situación de acoso escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento do equipo directivo do centro.

A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma para poder tomar a decisión máis axeitada en cada caso.

Unha vez constatado que se trata dun caso de acoso escolar, os pasos a seguir son os seguintes:

1. *A dirección redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos a través dun proceso de investigación e recollida de datos a través da observación directa e sistemática, das entrevistas co profesorado, coas familias e cos compañeiros/as para contrastar fontes. Neste informe recollerase información sobre os implicados, os feitos, as fontes de información, etc. Ver ANEXO 2.*
2. *No caso de que se abra un expediente disciplinario seguindo o procedemento que sinala o Real Decreto 732/1995, de 5 de mayo,(BOE 131/95 de 2 de junio de 1995) polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia do centro, este informe remitirase á Inspección Educativa (ANEXO 3). A decisión de abrir este expediente recae no Consello Escolar e no director. A instrucción do expediente levarase a cabo por un mestre/a designado polo Director. Unha vez instruído o expediente darase audiencia ó alumno/a e ós*

- seus país ou representantes legais, comunicándolles as condutas que se lle imputan e as medidas correctivas que se propoñen ó Consello Escolar.*
- 3. O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores para que poñan en coñecemento, se é preciso, ós servicios sociais do concello.*
 - 4. As familias dos alumnos/as implicados/as serán informadas. O titor/a e o equipo directivo realizarán unha entrevista individual con cada unha das familias do alumnado implicado, garantizando a confidencialidade dos datos e informando sobre as medidas adoptadas.*
 - 5. O director do centro informará ó Consello Escolar dos feitos e do proceso que se está a seguir, así como das medidas correctivas que se proponen para que sexan aprobadas polo Consello.*
 - 6. No centro tomaranse as seguintes medidas de actuación:*
 - a. Disciplinarias cautelares: aplicación de medidas do RRI e posta en marcha de programas de modificación de conducta.*
 - b. Paliativas, para minimizar os efectos negativos da situación de acoso (Medidas de apoio directo ó alumno afectado como vítima).*
 - c. Sensibilizadoras: dirixidas á sensibilización da comunidade educativa e ó apoio entre compañeiros/as.*
 - 7. O Departamento de Orientación, a través dos tutores, proporcionaralles ás familias pautas de intervención no fogar. Ver ANEXO 4.*
 - 8. Periodicamente manteranse reunións cos alumnos/as afectados, así como coas súas familias, valorando as medidas adoptadas e a súa modificación, se é o caso.*

8. NORMAS E PROCEDIMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

A Lei Orgánica de Educación sinala no seu artigo 1 que “a educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social” é un dos principios da educación.

O conflito na súa concepción tradicional é sinónimo de violencia, de patoloxía, etc. pero o conflito non sempre ten que ser algo destructivo senón que se pode encarar como algo positivo se empregamos estratexias non violentas de resolución de conflitos como son a conciliación e a mediación, onde a través dun proceso de reflexión e aprendizaxe se chega a unha solución que satisface ás partes implicadas.

A CONCILIACIÓN

O espazo destinado a solucionar os conflitos a través da conciliación é o FALADOIRO. Créase este espazo para que o alumnado chegue a acordos e solucionen as súas diferenzas sen a intervención dunha terceira persoa. No Anexo 6 figura a sistemática de funcionamento deste espazo.

O mestre ou mestra responsable do grupo de alumnos e alumnas será a persoa responsable de intentar que as partes implicadas no conflito se reconcilien, incitando ao diálogo para reflexionar sobre o que pasou e buscar unha solución satisfactoria para ambas partes a través dun proceso de negociación.

Se o conflito ten lugar durante o período lectivo o mestre/a responsable será o que imparta docencia nese momento.

Se o conflito ten lugar no tempo de lecer do alumnado o responsable será o mestre ou mestra de garda.

A MEDIACIÓN

Cando o procedemento ordinario de conciliación non é suficiente farase uso da mediación.

INSTAURAR A FIGURA DUN MEDIADOR/A PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS NO CENTRO

A mediación é un procedemento de resolución de conflitos que consiste na intervención dunha terceira parte, allea e imparcial ó conflito e sen poder de decisión sobre os mesmos, de forma que os implicados no conflito teñan un papel activo para chegar a un acordo.

A mediación así entendida ten carácter educativo de cara á mellora da convivencia no centro.

Persoa encargada da mediación.

*A persoa encargada da mediación no centro será preferentemente **a profesora ou profesor de Pedagogía Terapéutica do centro**, xa que os titores/as e Mestres/as de cada área están implicados no conflito cando se producen as conductas disruptivas na aula e búscase certa imparcialidade ante as situacións conflictivas que se producen no día a día das aulas.*

Cando o horario do profesorado de Pedagogía Terapéutica non permita desenvolver o papel de mediador do centro, esta figura será ocupada por outro mestre/a que contará con horas de adicación á convivencia dentro do seu horario.

Papel do mediador/a

- *Favorecer e estimular a comunicación entre as partes en conflito.*
- *Promover que ambas partes comprendan o conflito de forma global e non só dende a súa perspectiva.*
- *Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito.*

O mediador/a debe facilitar o diálogo e a negociación entre ambas partes e, na medida que sexa posible, non debe suxerir alternativas antes de que as partes implicadas o fagan.

Proceso de mediación

Aínda que non se trata dun proceso ríxido, en liñas xerais sería o seguinte:

	<i>Obxectivos</i>	<i>Procedementos</i>
<i>Clarificar o proceso e crear un ambiente de respecto</i>	<i>Xerar un ambiente de respecto Distender Facilitar a comunicación Concretar un plan de traballo</i>	<i>Formulación clara dos problemas. Evitación dos xuízos de valor por parte do mediador. Acordo de normas Respeto dos turnos de intervención. Decisión do lugar e o momento no que realizar o proceso de mediación (un lugar tranquilo, nunca a clase ou a zona de xogo)</i>
<i>Exposición de cada parte por separado da súa visión do conflito</i>	<i>Facilitar o reencontro Escoitar a outra perspectiva</i>	<i>Cóntame: escoita activa. Respecto e desexo de entender á outra parte.</i>
<i>Identificar a estrutura do conflito</i>	<i>Identificar por ambas partes a estrutura do conflito.</i>	<i>Comunicación entre as partes a través da escoita activa. Comprensión das mensaxes. Separación dos feitos dos sentimentos. Aclaración de dúbidas. Consenso dunha versión sobre o conflito.</i>
		<i>Proposta de ideas de resolución, que deben facer as partes implicadas, non o mediador/a. Análise das ideas de resolución manifestando a conformidade ou</i>

<i>Propoñer e escoller acordos</i>	<i>Formular propostas de resolución.</i>	<i>disconformidade.</i> <i>Selección das propostas viables.</i> <i>Acordo entre as partes dunha proposta.</i> <i>Escritura do acordo. Este acordo debe ser realista, concreto, claro e sinxelo.</i>
<i>Avaliación</i>	<i>Avaliar para aprender do contido e do proceso.</i>	<i>Análise do proceso.</i> <i>Contraste dos acordos co seu grao de cumprimento.</i> <i>Valoración da participación e da implicación das partes.</i>

Momento e lugar de realización

A sesión realizarase nas horas de Adicación á convivencia da profesora de Pedagogía Terapéutica como persoa encargada da mediación.

Non debe realizarse cando os feitos son moi recentes e os protagonistas están moi exaltados e non escoitan.

As sesións quedarán rexistradas no caderno de mediación cumprimentando o cadro que aparece no ANEXO 5 no caso do alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Este cadro debe ser cuberto por todos os implicados no conflito.

No caso do alumnado do 1º, 2º e 3º curso da Educación Primaria, a explicación dos feitos realizarase a través de representacións gráficas; a persoa encargada da mediación será a encargada de deixar rexistrados os datos.

Ámbitos de aplicación da mediación

- *Relacións profesorado-alumnado*
- *Relacións alumnado entre si.*

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

A realidade escolar no noso centro está suxeita a continuas variacións, varían os intereses das nais e dos pais, as expectativas do alumnado, os recursos do centro, etc. polo que a proposta deste Plan de Convivencia non é fixa para todos os cursos, cada ano terá unha proposta de actividades adaptadas á realidade do clima de convivencia do centro.

Unha vez elaborado o Plan as modificacións que anualmente se incorporen, incluíranse na Programación Xeral Anual.

Periodicamente e polo menos unha vez por trimestre, nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica falarase sobre a marcha da convivencia e determinar as accións máis axeitadas para mellorar o clima do centro.

Ó final de cada curso escolar a persoa responsable do Plan de Convivencia revisará o documento e as acción que se puxeron en marcha e realizará unha memoria que se incorporará á Memoria Anual do Centro, na que constarán polo menos os seguintes aspectos:

- ⊙ *Valoración do cumprimento dos obxectivos*
- ⊙ *Valoración do desenvolvemento do Plan de Convivencia: actividades realizadas, participación da comunidade, recursos disponibles e utilizados, etc.*
- ⊙ *Grado de participación dos diferentes sectores da comunidade educativa.*
- ⊙ *Propostas de mellora para o seguinte curso académico en canto a obxectivos, actuacións, necesidades de recursos e/ou de formación, etc.*

10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Os titores e titoras facilitarán información ó grupo de alumnos e alumnas da súa titoría, de forma adaptada á súa idade, dos contidos que lles afectan máis directamente.

Unha copia do Plan de Convivencia estará no despacho de Dirección a disposición de calquera membro da comunidade educativa que o solicite para a súa consulta.

Anualmente, o centro planificará medidas a tomar para dar a coñecer e acercar ó Plan de Convivencia ás familias.

11. TEMPORALIZACIÓN

	ACCIÓNS PREVISTAS	RESPONSABLES
PRIMEIRO TRIMESTRE	<p><i>Elaboración das liñas xerais do Plan de Convivencia.</i></p> <p><i>Posta en marcha dos cadernos de incidencias por titorías.</i></p> <p><i>Celebración do día dos Dereitos Humanos.</i></p>	<p><i>Persoa responsable do Plan de Convivencia en colaboración cos membros do Claustro</i></p> <p><i>Titores de cada grupo.</i></p> <p><i>Titores de cada grupo e Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.</i></p>
SEGUNDO TRIMESTRE	<p><i>Celebración do día da Paz.</i></p> <p><i>Programas de Educación Emocional.</i></p> <p><i>Elaboración de instrumentos</i></p>	<p><i>Titores de cada grupo e Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.</i></p> <p><i>Titores de cada grupo e Departamento de Orientación.</i></p>

	<i>de recollida de información para avaliar a situación inicial da convivencia.</i>	<i>Persoa responsable do Plan de Convivencia e Equipo Directivo.</i>
TERCEIRO TRIMESTRE	<p><i>Análise dos datos recollidos sobre a análise da situación inicial da convivencia.</i></p> <p><i>Organización do patio en zonas de xogo.</i></p> <p><i>Creación do “Faladoiro”.</i></p>	<p><i>Persoa responsable do Plan de Convivencia e Equipo Directivo.</i></p> <p><i>Profesor de Educación Física.</i></p> <p><i>Director e Departamento de Orientación.</i></p>

12. ANEXOS

Anexo 1: Conductas contrarias ás normas de convivencia

Anexo 2: Informe sobre posible caso de acoso escolar

Anexo 3: Modelo de informe sobre acoso escolar

Anexo 4: Consellos para as familias

Anexo 5: Cadro rexistro da mediación

Anexo 6: Sistemática do faladoiro

Anexo 7: Estudos de caso para a formación do alumnado como mediador

Anexo 8: Reflexión para o alumnado do 3º ciclo que comete faltas graves

Anexo 9: Reflexión para o alumnado do 1º e 2º ciclo que comete faltas graves

Anexo 10: Actividades para a reflexión sobre as normas e a convivencia

Anexo 11: Cuestionarios para avaliar o clima de convivencia do centro

Anexo 12: Normas do patio

Anexo 13: Aspectos afectivo-sociais dos boletíns de avaliación

Anexo 14: Esquema do procedemento de actuación ante o alumnado que presenta condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.

Anexo 15: Normas de funcionamento do comedor

ANEXO 1

CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

Son conductas contrarias ás normas de convivencia no centro as que, non estando recollidas no Regulamento de Réxime Interno, aparecen nalgún dos seguintes supostos:

- 1. DESOBEDIENCIA REITERADA E DESAFÍO ás figuras de autoridade: levantarse constantemente, non realizar as tarefas, non obedece as ordes, diríxese ó profesorado con grosería, ...*
- 2. COMPORTAMENTO MOLESTO CONTINUO que interrompe o ritmo da clase: é ruidoso (fai ruidos, ri, berra,...), fala excesivamente con outros en voz alta, etc .*
- 3. DANO DA PROPIEDAD ALLEA: Dos compañeiros/as ou do centro.*
- 4. ROUBOS OU PEQUENOS FURTOS.*
- 5. AGRESIVIDADE VERBAL CARA UN COMPAÑEIRO/A (insultos, burlas, desprecia ós compañeiros e compañeiras, etc.)*
- 6. AGRESIVIDADE FÍSICA COS COMPAÑEIROS/AS (ameazas e intimidacións ós demais, busca pelexa, etc.)*
- 7. FALTAS DE RESPECTO A COMPAÑEIROS/AS OU Ó PROFESORADO (usa unha linguaxe groseira, fala con insolencia e sen respecto, etc.)*
- 8. INCUMPRIMENTO DAS SANCIÓN S IMPOSTAS*

9. *FALSIFICACIÓN DE DOCUMENTOS OU SUPLANTACIÓN DA PERSONALIDADE.*

10. *INCITACIÓN Á COMISIÓN DUNHA FALTA CONTRARIA ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA*

A efectos de gradación das correccións, considéranse CIRCUNSTANCIAS PALIATIVAS as seguintes:

- *recoñecemento espontáneo da súa conducta incorrecta.*
- *A falta de intencionalidade.*
- *O carácter ocasional.*

Considéranse CIRCUNSTANCIAS AGRAVANTES:

- *A premeditación*
- *A reiteración.*